

O PSdeG esixirá no Parlamento que a Xunta concrete as súas previsións para garantir o mantemento do servizo do Colexio *Infanta Elena* de Monforte

Partido dos
Socialistas
de Galicia
LUGO

Os socialistas levarán esta iniciativa á Camara, xa que a actual normativa obriga ós usuarios a abandonar este centro de educación especial unha vez cumpridos os 21 anos; situación que leva ás familias a “unha profunda desesperanza”, subliña Vicente Docasar

“Tendo en conta que esta cuestión provoca a perda das destrezas e habilidades que con grande esforzo adquiriron na escolarización”, o PSdeG tamén preguntará que medidas ten previsto aplicar o Executivo para paliar esta situación e se existe vontade política de incluílas nos Orzamentos de 2014

O Grupo Parlamentario Socialista preguntará no Pleno as previsións que manexa a Xunta de Galicia para garantir o servizo que na actualidade presta o colexio de educación especial *Infanta Elena*, de Monforte de Lemos, xa que coa actual normativa os usuarios vense na obriga de abandonar o centro unha vez cumpridos os 21 anos; “situación que leva ás familias a unha profunda desesperanza”, subliña o deputado socialista na Cámara galega Vicente Docasar. Tal é así que, unha vez superada a idade indicada, o alumnado terá que permanecer nas súas casas ou desprazarse a centros afastados do seu domicilio ou con características moi distintas ás do colexio monfortino.

Dado que esta circunstancia “trae como primeira consecuencia a perda das destrezas e habilidades que con grande esforzo adquiriron na súa etapa de escolarización”, os socialistas tamén demandarán do Executivo autonómico que dé explicacións sobre se ten previsto poñer en marcha algunha medida que palíe esta situación ou se incluso contempla a posibilidade de incluír este servizo nos Orzamentos de 2014.

Un servizo necesario e demandado

Os Grupo Parlamentario Socialista adoptou esta medida porque se trata dun servizo “moi demandando e necesario”, indica Docasar, xa que o colexio *Infanta Elena* é un centro de educación especial con gran tradición na comarca de Lemos, que acolle alumnado con discapacidades físicas e psíquicas, non só do sur da provincia de Lugo, senón tamén das comarcas limítrofes da provincia de Ourense.

Tanto o equipo directivo deste colexio, como a ANPA levan feito moitas xestións coa Xunta de Galicia ó longo dos últimos anos para paliar esa lamentable circunstancia, pero ata o de agora con nulo resultado. Os responsables do colexio e as súas familias piden que o actual colexio sexa acondicionado como centro de continuidade, coa idea de facer posible que ese alumnado poida permanecer no centro actual a partires dos 21 anos.

Os socialistas consideran que o Goberno de Galicia ten a responsabilidade de atender as necesidades do conxunto da poboación, “pero moito máis as das persoas que teñen dificultades para poder desenvolver as súas vidas e que necesitan de apoio especial, pois non hai que esquecer que estamos falando dun colectivo con problemas físicos ou psíquicos”.

Nota de prensa



1 de outubro de 2013

**Saúdos,
Gabinete de Comunicación PSdeG-PSOE da provincia de Lugo**

Partido dos
Socialistas
de Galicia
LUGO
